

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA REALIZACIÓN DO PROXECTO DE RENOVACIÓN EXPOSITIVA DA CASA-MUSEO DOS IRMÁNS CAMBA

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG número 94, do 16 de maio) actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Por outra parte, Gonzalo Durán Hermida, alcalde do concello de Vilanova de Arousa, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que detentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á



Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

A súa vez o artigo 1 do Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dispón que esta é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura, do patrimonio cultural, dos aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos camiños de Santiago.

Segundo.- Que o artigo 198 apartados 1) e 2) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece que as administracións públicas galegas axustarán as súas relacións aos principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto aos correspondentes ámbitos competenciais, garantíndose a máxima eficacia nas xestións administrativas, podendo subscribir convenios de cooperación entre si, segundo o disposto no artigo 198 da mesma lei.

Terceiro.- Que a Casa-Museo dos Irmáns Camba recolle a memoria literaria do xornalista Julio Camba e do escritor Francisco Camba. Os dous naceron nesta vivenda do barrio de Vilamaior, en Vilanova de Arousa. A construción, de propiedade municipal, é unha mostra senlleira da arquitectura tradicional da comarca, con escaleira de patín e mesmo un escudo nobiliario presente na fachada.

No seu primeiro andar alberga unha exposición permanente sobre a vida e obra dos irmáns, con primeiras edicións, artigos, hemeroteca, fotografías e outros obxectos; ademais de lonas con elementos interpretativos.



En 2021, o Concello recibiu unha importante doazón por parte da familia Pombo na que se inclúen 68 libros da biblioteca dos Camba, revistas, cartas e tarxetas postais manuscritas, fotografías e outros documentos persoais, pertencentes tamén aos seus pais, Manuel Camba Bóveda e Juana Andreu Temes.

Para acoller esta nova e destacada achega ao patrimonio local e aproveitando que en 2022 se conmemora o 60 aniversario do falecemento de Julio Camba, o Concello de Vilanova ten a intención de acometer unha profunda reforma museográfica da casa.

É preciso un novo guiión expositivo que permita renovar e mellorar o aspecto e contidos da Casa-Museo, ademais de ampliar o espazo expositivo á planta baixa da casa. Deste xeito facilitaríase a visita, polo menos parcialmente, a persoas con mobilidade reducida, que actualmente non teñen ningunha opción para coñecer os contidos do museo.

Cuarto.- Que a transformación dos centros interpretativos e museográficos neste último cambio de século parte dunha tripla perspectiva: conceptual, formal e funcional, adquirindo prácticas e técnicas diversas e ofrecendo servizos e contidos demandados pola sociedade. Os museos e proxectos interpretativos buscan ser sociais, flexibles, multiculturais e abertos ao territorio; pónense de relevo aspectos como a memoria ou o patrimonio inmaterial; comeza a desenvolverse o concepto de patrimonio nun senso global: búscase a conxunción dun medio natural e cultural, en tanto herdanza dunha comunidade.

Hoxe en día, todos estes principios están asentados nas políticas museolóxicas e os retos pasan pola procura de novas formas de atraer ao público, ademais de novas formas de financiamento co fin de diversificar os ingresos, reducindo así a dependencia única das administracións públicas, que normalmente son as titulares destes centros culturais. Os procesos sociais buscan a construción da intrahistoria, do quebracabezas da micro-historia,



que no fondo outorga sentido á identidade; en definitiva, aqueles museos que alongan as súas funcións alén da cultura do ocio para alcanzar a do desenvolvemento.

Un equipamento cultural ten como función principal a de promover unha aprendizaxe creativa, buscando revelar ao público visitante o significado do legado cultural e/ou histórico dos contidos que expón no seu interior, dun xeito sinxelo e comprensible.

Coa finalidade de potenciar o seu papel social ten como obxectivos principais ampliar as súas audiencias abríndose a novos públicos. Nun primeiro termo, comezouse coa mellora da accesibilidade de persoas con diversidade funcional. Mais no momento actual, tamén se pretende ampliar con outras actuacións dirixidas a: contribuír á cohesión social dando resposta ás necesidades específicas de colectivos de persoas en situación marxinal ou con risco de exclusión social; atender á diversidade fomentando a interculturalidade e a perspectiva de xénero; atender a grupos con dificultade de visita; contribuír á educación de novos públicos fomentando o desenvolvemento de proxectos pedagóxicos; transmitir valores medioambientais, etc

Quinto.- Que o proxecto a executar a través do presente convenio de colaboración pretende deseñar e materializar na Casa-Museo dos Camba unha serie de actuacións que transmitan a relevancia da súa obra xornalística e literaria e a súa relación con Vilanova de Arousa, de xeito que todos os visitantes poidan gozar dunha exposición entretida, ofrecendo unha comunicación atractiva e de calidade que xere curiosidade pola lectura e coñecemento da súa obra, cos seguintes obxectivos:

1.- Ofrecer un relato que ordene e clarifique os fitos e aspectos máis relevantes da obra de Julio e Francisco Camba, de xeito que a visita á Casa-Museo ofrezca un contido didáctico que se entenda facilmente.



2.- Poñer en valor un exemplo único de patrimonio cultural do país, ofrecendo aos visitantes conceptos básicos para unha lectura certa do lugar, a través de medios interpretativos sinxelos de usar e con mensaxes accesibles para público de todas as idades e formacións.

3.- Sorprender ao visitante utilizando diferentes técnicas gráficas, visuais e sensitivas, para que consiga percibir a visita, como unha experiencia única e de calidade.

4.- Ordenar o fluxo de visitantes á Casa-Museo e o itinerario de visita, tendo en conta ás persoas con mobilidade reducida.

O novo relato expositivo achegará a figura dos escritores Julio Camba e Francisco Camba ás persoas que visiten Vilanova de Arousa. Para a consecución do relato tense en conta a existencia da Casa-Museo de Valle-Inclán, formando un interesante complemento para o turismo literario na vila.

A Casa-Museo dos Camba foi o lugar onde naceron os dous irmáns, fillos de Manuel Camba Bóveda e de Juana Andreu Temes, de orixe valenciana. O seu pai era mestre e practicante, tendo na súa vivenda diferentes fórmulas para a curación de doenzas como botica. Xa o seu avó fora un persoeiro destacado na vila coa súa profesión de perito.

Sexto.- Que por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o concello de afrontar en solitario os compromisos económicos que supoñen estas actuacións.



A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia, manifestada polo concello, e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do concello de Vilanova de Arousa.

Sétimo.- Que o presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Esta Consellería entende que é de interese público colaborar para a execución do obxecto deste convenio, de xeito que se garanta a súa realización coa consecución dun relato expositivo que se desenvolverá a través das dúas salas da Casa-Museo dos irmáns Camba: a planta baixa e o primeiro andar. Actuación que se inclúe no Plan Estratéxico de convenios para realizar actuacións con fins culturais con concellos, asociacións, fundacións e entidades culturais, no ámbito da promoción e difusión da cultural, para o ano 2022.

Así mesmo, sendo o concello este a única entidade que pode impulsar a actuación, xustifican a falta de concorrencia pública da presente subvención.

Con base en todo o anterior, co fin de materializar a colaboración antes descrita e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o concello de Vilanova de Arousa acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

É obxecto do presente convenio o establecemento da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Vilanova de Arousa para a realización do proxecto de renovación expositiva da Casa-Museo dos irmáns Camba.

O relato expositivo desenvolverase a través das dúas salas da Casa-Museo: a planta baixa e o primeiro andar. Son espazos abertos que non presentan ningún tipo de parede divisoria, e con accesos independentes desde o exterior.

A planta baixa, non funciona como espazo museístico na actualidade, pero presenta condicións óptimas para facelo: ten acceso desde a rúa con rampla para cadeira de rodas, non ten barreiras arquitectónicas e conta ademais con aseos.

Pola contra, o primeiro andar, que era o que estaba a funcionar como sala expositiva, ten varios inconvenientes para funcionar como único espazo expositivo. O seu acceso é só a través das escaleiras de pedra exteriores do patín, non permitindo o seu acceso a persoas con mobilidade reducida.

Para salvar esta cuestión e aproveitando as posibilidades deste edificio histórico e senlleiro de Vilanova, propónse a utilización da planta baixa como recepción e como sala introdutoria ao mundo literario dos irmáns Camba. Así, o primeiro andar funcionaría como ampliación do tema permitindo que quen non puido subir a coñecelo, fiquen polo menos cunha percepción xeral do tema.

Planta baixa. Introducción aos irmáns Francisco e Julio Camba.



O acceso á sala terrea realízase a través da porta que se abre á rúa dos Irmáns Camba. Entrando, á dereita colocarase un mostrador de recepción que sirva para dar a benvida ao público visitante e indicar o percorrido de visita.

Nesta sala presentarase unha introdución ao estilo xornalístico e impacto de Julio Camba e ao mundo literario de Francisco Camba. Así incluíranse aquí obras, artigos e pezas que teñan que ver coa súas letras directamente.

Primeiro andar. A casa dos Camba. Julio Camba.

A través das escaleiras do patín subiremos ao primeiro andar, cunha pequena escenografía que nos introduza en como sería a casa onde naceron os irmáns Camba, especialmente a través das fórmulas de curación que como practicante tiña o pai na casa. Este sería o espazo tamén para falar da pegada desta familia en Vilanova de Arousa e introducir os novos documentos doados relacionados cos pais dos irmáns escritores.

Despois de pasar polo tanto pola infancia e mocidade en Vilanova, tomaremos o camiño da vida de Julio Camba, pasando por diferentes unidades temáticas:

- Buenos Aires e o anarquismo.
- Crónicas de viaxes e correspondente de referencia.
- “Ni completamente en serio, ni completamente en broma”, a crítica social.
- Un bohemio en Vilanova, o impacto e memoria na veciñanza.

A través de elementos interpretativos actuais motivarase na persoa visitante a sorpresa, a curiosidade e a reflexión dos diferentes aspectos do discurso. Os soportes serán de todo



tipo: caixas de luces, vinilos, paneis, escenografías, audiovisuais, etc. Retiraranse todos os materiais expositivos actuais para ofrecer un novo mobiliario actual e que evite a saturación de contidos e elementos e unha lectura máis dinámica e entretida dos mesmos.

A idea principal é actualizar, polo tanto, os contidos expositivos, para ofrecer unha lectura máis certa, adaptada a todos os públicos, e cunha museografía máis actual, accesible e inclusiva: unha museografía que ofrezca unha ponte entre o público xeral e o patrimonio, subliñando o valor divulgativo e pedagóxico da exposición.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para a execución das actuacións que constitúen o obxecto deste convenio é de **54.329,00€** (IVE incluído), co seguinte desagregamento:

- Capítulo 1. Traballo documental e contidos.....	14.950,00€
- Capítulo 2. Identidade corporativa e deseño.....	14.960,00€
- Capítulo 3. Mobiliario, gráfica e equipamento.....	14.990,00€
TOTAL	44.900,00€
21% IVE.....	9.429,00€
TOTAL ORZAMENTO.....	54.329,00€

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades financiará o 100% das actividades descritas con cargo á aplicación orzamentaria 10.10.431A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022, cunha achega máxima de 54.329,00€.



No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente do obxecto deste convenio, a contía da subvención reducirase proporcionalmente.

Esta achega canalízase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

Terceira.- Gastos subvencionables

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o concello como consecuencia da realización de actuacións acordes co seu obxecto, incluso aqueles que se efectuasen con anterioridade á sinatura deste, e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2022.

En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Cuarta.- Obrigas das partes

1. O Concello, como entidade beneficiaria da subvención da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, asume as seguintes obrigas:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban á execución do proxecto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir



todas as condicións e obrigas recollidas nel.

3. Solicitar e obter, con carácter previo ao inicio da execución das obras deseñadas no proxecto, no seu caso, as preceptivas autorizacións da Administración competente en materia de patrimonio cultural e calquera outra autorización sectorial, licenza ou permiso que fose necesario para a execución das obras.
4. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
5. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houberse, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.
 - b. Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos da cláusula sétima deste convenio.
 - c. Reintegrarse o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda da cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - d. No suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



6. Incluír en toda a documentación e soportes específicos que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia.
7. Colocar un cartel de obra no que conste de xeito visible a colaboración da Xunta de Galicia.
8. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
9. Presentar, antes da sinatura deste convenio e coa presentación da documentación xustificativa, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En todo caso as certificacións poderán substituírse por unha declaración responsable, ao abeiro do disposto no artigo 11 do Regulamento da lei de subvencións de Galicia.
10. Acreditar ante a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 e na disposición transitoria única do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
11. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o



exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

12. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

13. As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

Quinta.- Compatibilidade

Conforme o disposto no artigo 40.1.d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.



Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fora da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir o Concello para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o Concello, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.



En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Oitava.- Xustificación de fondos e pagamento.

- 1.** Para recibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o concello de Vilanova deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado mediante a presentación na sede electrónica da Xunta de Galicia a través do procedemento PR004A, da seguinte documentación:
 - a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 - a.1. O cumprimento da finalidade da subvención.



a.2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será exigible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

c) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.

d) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

f) Documentación acreditativa da publicidade do outorgamento da subvención pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para a realización do obxecto do presente convenio.

g) Memoria final das accións realizadas que incluírá unha reportaxe fotográfica da obra



(estado previo, desenvolvemento e obra rematada). Así mesmo acreditarase a colocación do cartel de obra ao que se fai referencia na cláusula cuarta.

2. O órgano concedente da subvención poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.
3. As datas límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención serán o **15 de decembro de 2022**.
4. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
5. A cantidade máxima que se obriga a aportar a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total, sempre que se cumpra co seu obxecto.

Novena.- Efectividade dos pagamentos

1. De conformidade co artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades ás entidades locais galegas (DOG núm. 201, do 2 de outubro) e para os efectos do establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.
2. Sen prexuízo do anterior, o concello beneficiario está obrigado a acreditar documentalmete, mediante xustificante de transferencia bancaria, a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes á actuación subvencionada no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do aboamento da subvención concedida.



Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, o concello presentará un certificado da intervención municipal en que se faga constar a data de ingreso na conta bancaria do concello do aboamento da subvención.

3. O xustificante da transferencia bancaria estará debidamente identificado e selado pola entidade bancaria, agás que o pagamento se realice mediante banca electrónica. Neste caso, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado electronicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria.

Décima.- Pagamentos anticipados

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 100%, de conformidade co disposto no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e no artigo 63.4 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Coa solicitude de anticipo, o concello terá que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello queda exonerado da constitución de garantía.



Décimo primeira.- Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito do concello de Vilanova ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.
2. Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio as seguintes:
 - a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixidas na cláusula sexta deste convenio.
 - b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión os seguintes:
 - Non realizar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio.
 - Incumprimento da normativa de aplicación no ámbito local en materia de bens das entidades locais, da normativa en materia de patrimonio e/ou de contratos das administracións públicas no que resulten de aplicación.
 - Incumprimento das obrigas de publicidade establecidas no presente convenio.



Décimo segunda.- Facultades de inspección

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

Décimo terceira.- Comisión de seguimento

Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por dúas persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e dúas persoas representantes do Concello.

A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e estará presidida por quen acorden os membros da comisión por maioría simple e actuará como secretaria/o quen se designe da mesma forma.

Décimo cuarta.- Causas de resolución e modificación do convenio

1. O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son **causas de resolución**:
 - a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
 - b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
 - c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
 - d) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio



e) Calquera outra causa prevista nas leis

3. As **modificacións do convenio** adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Respecto da subvención concedida pola Consellería, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, o concello beneficiario da subvención deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima dun mes. A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas. A solicitude deberá acompañar a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7:

a) Memoria xustificativa, na cal ademais se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.

b) Orzamento ou proxecto modificado.

c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.

Décimo quinta.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2022, sen prexuízo de que se teñan por gastos subvencionables todos aqueles realizados a partir do 1 de xaneiro de 2022.



Décimo sexta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo sétima.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades publicará o texto íntegro do convenio.



Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo oitava.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo novena.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a



través de medios electrónicos coas administración públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase polas partes comparecentes na data da sinatura electrónica.

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades O alcalde de Vilanova de Arousa

P.D. (Orde 29/07/2022, DOG núm. 151, do 9 de agosto)

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

Gonzalo Durán Hermida

